360049142315	J GUIMARAES	39452768	VIGO	14.01.2006	450,00		RD 772/97 001.2	
360403465330	J GARRIDO	44814119	VIGO	03.01.2006	300,00	1	RD 1428/03 052.	
360049087493	T RODRIGUEZ	51468034	VIGO	19.03.2006	60,00		RDL 8/2004 003.B	
369403138818	R VILLARROEL	53170009	VIGO	29.05.2006	400,00		RDL 339/90 072.3	
360048678001	J SOSA	53170920	VIGO	24.07.2006	600,00	1	RD 1428/03 020.1	6
360049416828	E ARGONES	53171740	VIGO	24.05.2006	150,00		RD 1428/03 018.2	
360403241038	D FERNANDEZ	53172548	VIGO	20.02.2006	200,00		RD 1428/03 052.	
360049384384	J GARCIA	53172581	VIGO	23.04.2006	150,00		RD 1428/03 085.5	
360403229920	J MO	53174839	VIGO	13.02.2006	200,00		RD 1428/03 052.	
360403313748	C ALMEIDA	53178656	VIGO	10.05.2006	300,00	1	RD 1428/03 052.	
360049233382	R FERNANDEZ	53179626	VIGO	18.01.2006	150,00		RD 2822/98 012.4	
360049353508	L RODRIGUEZ	53180791	VIGO	31.07.2006	150,00		RD 1428/03 151.2	4
360049220387	I TRELLES	53182777	VIGO	05.03.2006	600,00	1	RD 1428/03 020.1	
360049389552	E VICENTE	53182937	VIGO	01.05.2006	150,00		RD 1428/03 118.1	
360049380263	B COMESAÑA	53184468	VIGO	02.04.2006	150,00		RD 1428/03 118.1	
360403255906	M MARTINEZ	53185973	VIGO	24.03.2006	300,00	1	RD 1428/03 052.	
360403248720	I VEGA	53186503	VIGO	05.03.2006	300,00	1	RD 1428/03 052.	
360049475729	C CAAMAÑO	53187360	VIGO	27.08.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	3
360403247405	D GONZALEZ	76895775	VIGO	14.03.2006	300,00	1	RD 1428/03 052.	
360049474889	M RODRIGUEZ	76904114	VIGO	26.08.2006	150,00		RD 1428/03 018.2	3
360049581177	B VICENTE	76906054	VIGO	24.10.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	3
360049582005	V DOPAZO	76998537	VIGO	08.11.2006	150,00		RD 1428/03 018.2	3
369403131850	J ORO	78482829	VIGO	08.05.2006	600,00		RDL 339/90 072.3	
360403229750	S MENDUIÑA	78730770	VIGO	13.02.2006	200,00		RD 1428/03 052.	
360049516768	L RODRIGUEZ	39451800	VIGO	05.07.2006	600,00	1	RD 1428/03 020.1	4
369403161520	EDITORIAL CONCELLOS GALEGO	836858454	VIGO	06.06.2006	310,00		RDL 339/90 072.3	
360049343497	P PEREZ DEL	36103894	VIGO	13.03.2006	150,00		RD 1428/03 018.2	

EXPEDIENTE	DENUNCIADO/A	IDENTIF.	LOCALIDAD	FECHA	CUANTIA	SUSP.	PRECEPTO	ART* PTOS REQ.
360049270056	M COSTA	36011551	VIGO	03.02.2006	600,00	1	RD 1428/03 020.1	
360049374196	M MARTIN	76993205	VIGO	05.05.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	
360403329641	F DAVILA	36113070	VIGO	25.05.2006	300,00	1	RD 1428/03 052.	
360403213171	P GARCIA	22934907	VIGO	27.12.2005	140,00		RD 1428/03 052.	
360049292120	J BALBUENA	36084986	VIGO	03.03.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	
360049151055	J GALLEGO	36009948	VIGO	02.01.2006	150,00		RD 2822/98 010.1	
360403466279	F MERCHAN	36123675	VIGO	14.01.2006	200,00		RD 1428/03 052.	
360049337760	M POSADA	36077489	VIGO	02.03.2006	600,00	1	RD 1428/03 020.1	
369403155610	J ALVAREZ	36042454	VIGO	06.06.2006	310,00		RDL 339/90 072.3	
360049582418	M GUTIERREZ	36151471	VIGO	02.11.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	3
360048668706	W MARTINEZ	36173606	VIGO	12.02.2006	520,00	1	RD 1428/03 020.1	
360403384950	M BARROS	53172844	VIGO	14.11.2006	140,00		RD 1428/03 052.	2
360049183688	J SANCHEZ	45847001	VILA DE CRUCES	05.01.2006	10,00		RD 772/97 001.4	
360049367179	X BOULLOSA	35257362	VILABOA	21.03.2006	600,00	1	RD 1428/03 020.1	
360049034464	J GONZALEZ	35300282	VILABOA	06.04.2006	150,00		RD 1428/03 003.1	
360049246662	O CORRALES	44085321	VILABOA	21.01.2006	600,00	1	RD 1428/03 020.1	
360049241238	C BARKAOUI	X2203200F	VILABOA	13.01.2006	310,00		RD 772/97 001.2	
360050313365	M MOKHLISSI	X3077098C	VILABOA	31.08.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	3
360049409551	K TRIVIÑO	X2828808S	VILAGARCIA DE AROUSA	18.04.2006	150,00		RD 2822/98 011.2	
360403384329	C TAMAYO	X3494196J	VILAGARCIA DE AROUSA	05.11.2006	140,00		RD 1428/03 052.	2
360049233771	J ARELLANO	X5740857B	VILAGARCIA DE AROUSA	16.12.2005	450,00		RD 772/97 001.2	
360403484063	R ZERPA	X6543580B	VILAGARCIA DE AROUSA	05.02.2006	300,00	1	RD 1428/03 052.	
360049324892	A LEMA	33229432	VILAGARCIA DE AROUSA	10.04.2006	150,00		RD 1428/03 087.1	
360050311915	J GONZALEZ	35375946	VILAGARCIA DE AROUSA	30.10.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	
360049345469	J BOUZAS	35421284	VILAGARCIA DE AROUSA	20.03.2006	150,00		RD 2822/98 010.1	
360403174104	M RICO	35434936	VILAGARCIA DE AROUSA	07.12.2005	300,00	1	RD 1428/03 052.	
360048825010	D OLIVEIRA	35451587	VILAGARCIA DE AROUSA	16.01.2006	90,00		RD 2822/98 049.1	
360403172340	M SANTAMARIA	35452864	VILAGARCIA DE AROUSA	21.12.2005	300,00	1	RD 1428/03 052.	
360403305223	J TOME	35455759	VILAGARCIA DE AROUSA	25.04.2006	380,00	1	RD 1428/03 052.	
369049142426	F RIONEGRO	35462702	VILAGARCIA DE AROUSA	06.09.2006	310,00		RDL 339/90 072.3	
360050355748	F VIDAL	35462847	VILAGARCIA DE AROUSA	30.10.2006	150,00		RD 1428/03 018.2	3
360049332633	O CASCALLAR	35463557	VILAGARCIA DE AROUSA	29.05.2006	70,00		RD 1428/03 100.2	
360049286404	C NOGUEIRA	35463980	VILAGARCIA DE AROUSA	30.03.2006	150,00		RD 1428/03 018.2	
360049343035	D DOVAL	35466453	VILAGARCIA DE AROUSA	01.03.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	
360049397214	A DORADO	35466718	VILAGARCIA DE AROUSA	05.04.2006	150,00		RD 2822/98 018.1	
360049396908	A DORADO	35466718	VILAGARCIA DE AROUSA	05.04.2006	450,00		RD 772/97 001.2	
360049396910	A DORADO	35466718	VILAGARCIA DE AROUSA	05.04.2006	150,00		RD 2822/98 011.2	
360403199370	R CASTROMIL	35473287	VILAGARCIA DE AROUSA	30.12.2005	300,00	1	RD 1428/03 052.	
360049554710	M MURGA	35474662	VILAGARCIA DE AROUSA	03.07.2006	150,00		RD 1428/03 151.2	4
369403195670	A SILVA	35475876	VILAGARCIA DE AROUSA	04.07.2006	400,00		RDL 339/90 072.3	
369403064744	I LORENZO	35476467	VILAGARCIA DE AROUSA	08.05.2006	310,00		RDL 339/90 072.3	
360048616251	O ROSALES	35478162	VILAGARCIA DE AROUSA	24.01.2006	450,00		RD 772/97 001.2	
360049242516	O ROSALES	35478162	VILAGARCIA DE AROUSA	28.12.2005	450,00		RD 772/97 001.2	
360049207279	J ABALO	35480561	VILAGARCIA DE AROUSA	12.12.2005	10,00		RD 772/97 001.4	
360049508747	R GOMEZ	35482717	VILAGARCIA DE AROUSA	30.05.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	
360048881049	A DIAZ	35488297	VILAGARCIA DE AROUSA	30.04.2006	310,00		RD 772/97 001.2	
360048880495	A DIAZ	35488297	VILAGARCIA DE AROUSA	03.04.2006	310,00		RD 772/97 001.2	
360049293597	D CEDEIRA	36170417	VILAGARCIA DE AROUSA	01.03.2006	400,00		RD 772/97 001.2	
360049326906	F CAUTO	46669593	VILAGARCIA DE AROUSA	23.04.2006	600,00	1	RD 1428/03 020.1	
360050310352	J VAZQUEZ	50016761	VILAGARCIA DE AROUSA	25.09.2006	150,00		RD 1428/03 101.1	2
360403349809	J TRIÑANES	77401050	VILAGARCIA DE AROUSA	31.07.2006	200,00		RD 1428/03 052.	3
360049498717	J CARBALLAS	33793122	VILANOVA DE AROUSA	10.05.2006	150,00		RD 1428/03 018.2	
360049214235	J LAGO	35455577	VILANOVA DE AROUSA	23.01.2006	900,00		RD 772/97 001.2	
360049204825	D SILVA	35459386	VILANOVA DE AROUSA	11.01.2006	10,00		RD 772/97 001.4	
360050316688	R BAÑOS	35473774	VILANOVA DE AROUSA	15.09.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	3
360049324909	L VAZQUEZ	35451932	VILANOVA DE AROUSA	10.04.2006	150,00		RD 1428/03 117.1	
369403136603	L MOSQUERA	53190327	CASTRO URDIALES	29.05.2006	310,00		RDL 339/90 072.3	
369403118510	J SUÑE	07568605	SEGOVIA	08.05.2006	400,00		RDL 339/90 072.3	
360049373374	S PUGA	39716642	CONSTANTI	29.04.2006	120,00		RD 1428/03 094.1	
369403155038	J MERINO	34581171	SANT CARLES RAPITA	29.05.2006	400,00		RDL 339/90 072.3	
369403099734	CORSETERA TALAVERANA S L	B45008299	TALAVERA DE LA REINA	12.04.2006	400,00		RDL 339/90 072.3	
369403180215	M IGLESIAS	06526993	SIMANCAS	04.07.2006	400,00		RDL 339/90 072.3	
360403478373	P MIRANDA	09331189	VALLADOLID	24.01.2006	200,00		RD 1428/03 052.	
360402959264	A BAYON	09347572	VALLADOLID	28.06.2005	140,00		RD 1428/03 052.	

## Diputación Provincial

*Bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes nesta Deputación de Pontevedra, incluídas en diversas ofertas de emprego público.*

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, ditou a seguinte Resolución:

De conformidade co establecido no artigo 34.g) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/99, do 21 de abril, resolvo aprobar a presente convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes nesta Deputación de Pontevedra, incluídas en diversas ofertas de emprego público, que se rexerá polas seguintes bases xerais e específicas:

### I) BASES XERAIS

*Primeira. Obxecto da convocatoria.*—Esta convocatoria ten por obxecto cubrir prazas, incluídas en diversas ofertas de emprego público e reservadas no cadro de persoal desta Deputación a funcionarios de carreira.

*Segunda. Número e características das prazas convocadas.*—O número de prazas vacantes, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

- 1 praza de administrativo de Admón. xeral, encadrada na escala de Admón. xeral, subescala administrativa e integradas no grupo C, por quenda libre. Reservada a discapacitados.
- 11 prazas de administrativo de Admón. xeral, encadradas na escala de Admón. xeral, subescala administrativa e integradas no grupo C, por promoción interna.
- 1 praza de auxiliar de Admón. xeral, encadrada na escala de Admón. xeral, subescala auxiliar e integrada no grupo D, por quenda libre. Reservada a discapacitados.
- 4 prazas de auxiliar de Admón. xeral, encadradas na escala de Admón. xeral, subescala auxiliar e integradas no grupo D, por quenda libre.
- 1 praza de auxiliar de Admón. xeral, encadrada na escala de Admón. xeral, subescala auxiliar, integrada no grupo D, por quenda promoción interna.
- 1 praza de psicólogo, encadrada na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico superior e integrada no grupo A, por quenda libre.
- 1 praza de arqueólogo, encadrada na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico superior e integrada no grupo A, por quenda libre.
- 1 praza de técnico de protocolo, encadrada na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico superior e integrada no grupo A, quenda libre.
- 1 praza de enxeñeiro técnico, encadrada na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico medio e integrada no grupo B, por quenda libre.
- 1 praza de enxeñeiro técnico en prevención de riscos laborais, encadrada na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico medio e integrada no grupo B, por quenda libre.
- 1 praza de técnico de formación, encadrada na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico medio e integrada no grupo B, por quenda libre.

- 5 prazas de técnico auxiliar educación diurna, encadradas na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico auxiliar e integradas no grupo C, por quenda libre.
- 3 prazas de técnico auxiliar educación nocturna, encadradas na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico auxiliar integradas no grupo C, por quenda libre.
- 1 praza de técnico auxiliar en instalacións e liñas eléctricas, encadrada na escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico auxiliar integrada no grupo C, por promoción interna.
- 1 praza de oficial telefonista, encadrada na escala de Admón. especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e integrada no grupo D, por quenda promoción interna.
- 1 praza de oficial condutor maquinista, encadrada na escala de Admón. especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e integrada no grupo D, por promoción interna.
- 3 prazas de oficial condutor maquinista, encadradas na escala de Admón. especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e integradas no grupo D, por quenda libre.
- 2 prazas de oficial agrícola, encadradas na escala de Admón. especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e integradas no grupo D, por quenda libre.
- 1 praza de axudante de servizos varios, encadrada na escala de Admón. especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e integrada no grupo E, por quenda libre.
- 1 praza de operario de servizos varios, encadrada na escala de Admón. especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e integrada no grupo E, por quenda libre.
- 1 praza de operario agrícola, encadrada na escala de Admón. especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e integrada no grupo E, por quenda libre. Reservada a discapacitados.
- 1 praza de operario agrícola, encadrada na escala de Admón. especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e integrada no grupo E, por quenda libre.

*Terceira. Sistema de selección.*—O sistema de selección para ingresar nas distintas prazas convocadas determínase nas bases específicas de cada unha delas, fixándose con carácter xeral o concurso-oposición como sistema de ingreso.

As prazas reservadas para promoción interna que non se cubran acumularanse ás de quenda libre.

### *Cuarta. Requisitos dos aspirantes*

1) Con carácter xeral, para seren admitidos na realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas de ingreso:

- a) Ser español.

Os nacionais dos demais estados membros da Comunidade Económica Europea poderán acceder en idénticas condicións cos españois a aqueles sectores da función pública ós que, segundo o dereito comunitario, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- b) Ter cumpridos os dezaioito anos de idade.

- c) Posuír ou en estar en condicións de obter o título académico esixido nas bases específicas para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
  - d) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
  - e) Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude do expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
  - f) Ter ingresado na Tesourería da Deputación a cantidade fixada como dereitos de exame.
  - g) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.
- 2) Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionarios de carreira.

#### *Quinta. Solicitudes*

1) As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Pontevedra. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegándolle unha fotocopia autenticada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios e, no seu caso, da documentación acreditativa dos méritos alegados debidamente compulsados.

Neste senso, na fase de concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificadas con posterioridade no prazo de emenda de defectos formais.

Os aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustificalo coa documentación á que fai referencia o punto dous da base décimo segunda.

Para ser admitido nas probas selectivas correspondentes os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación. No rexistro xeral da Deputación facilitaráselles ós interesados o modelo de solicitude incluído no anexo II desta convocatoria.

2) O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, mediante extracto, e previa publicación do texto íntegro das bases e a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e o extracto no Diario Oficial de Galicia.

3) A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

4) As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas corres-

pondentes, que llas remitirán seguidamente ó organismo competente.

5) Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

6) Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

7) A documentación acreditativa dos méritos que aleguen posuír para a súa valoración na fase de concurso deberá presentarse, debidamente compulsada, nos termos e condicións que se sinalan na base décimo terceira.

#### *Sexta. Dereitos de exame*

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, os dereitos de exame e os gastos de tramitación que, no seu caso, determine a entidade bancaria, que poderán satisfacerse directamente na Tesourería da Deputación, ou ben mediante xiro postal, telegráfico ou transferencia bancaria dirixida á Deputación de Pontevedra; de non realizarse o pagamento directamente na Tesourería provincial o solicitante fará constar na súa instancia a data do xiro ou da transferencia e o número do resguardo.

O aspirante, para poder participar en cada unha das probas selectivas convocadas, deberá aboar en concepto de dereitos de exame as seguintes cantidades:

- Prazas de funcionarios integradas no grupo A: 35 €.
- Prazas de funcionarios integradas no grupo B: 30 €.
- Prazas de funcionarios integradas no grupo C: 25 €.
- Prazas de funcionarios integradas no grupo D: 20 €.
- Prazas de funcionarios integradas no grupo E: 15 €.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, segundo o disposto na base V.

Os dereitos de exame reintegraráselles de oficio ós interesados que sexan excluídos definitivamente da lista de admitidos.

Estarán exentas do pagamento dos dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.

O persoal que participe no procesos selectivos de promoción interna gozará dunha bonificación do 50% no importe total dos dereitos de exame.

#### *Sétima. Admisión de aspirantes*

1) Finalizado o prazo dos vinte días naturais fixado para presentar as solicitudes a Deputación ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Deputación de Pontevedra.

2) Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándose ou desestimándose coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios.

3) Contra a resolución do presidente, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo

de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro) ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4) O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados posúen os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

#### *Oitava. Tribunal cualificador*

1. Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados polo presidente segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño.

2. Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por sete membros titulares e sete suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

Presidente: Un vicepresidente da corporación ou deputado designado pola Presidencia.

Secretario: O secretario xeral da corporación ou o funcionario técnico en quen delegue.

Vogais: Dous deputados provinciais, un como representante do grupo de Goberno e outro en representación dos demais grupos políticos; un representante da Xunta de Galicia proposto pola consellería competente; dous expertos na materia designados polo presidente; un representante designado pola Xunta de Persoal ou o Comité de empresa desta Deputación, segundo o caso, que actuará con voz e sen voto, seguindo o disposto no art. 20 do V Acordo regulador para persoal funcionario desta Deputación.

3. De conformidade co disposto no artigo 4. e) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, os vogais deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para acceder ás prazas convocadas e terán voz e voto.

4. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

5. A Presidencia, antes de que teña lugar cada unha das probas e xuntamente coa lista de admitidos, publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

6. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

7. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

8. A partir da sesión de constitución cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común e ás bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.

9. Cada tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios cás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

10. En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o deputado designado en primeira orde.

11. Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

#### *Novena. Características das probas selectivas*

Os procedementos de selección, en fase de oposición, consistirán en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, así como un test segundo a natureza e as funcións dos postos de traballo que van desempeñar, no seu caso, os aspirantes aprobados, coa finalidade de asegurar a obxectividade e a racionalidade do proceso selectivo; na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes. Os exercicios que han de realizar os aspirantes en cada proceso selectivo determínanse e describíense nas bases específicas e os méritos que se terán en conta na base décimo terceira das bases xerais.

#### *Décima. Comezo dos exercicios*

1. A data e mais a hora na que deberá constituírse cada tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados polo presidente mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Deputación, polo menos con 15 días de antelación.

2. Os aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

3. No concurso-oposición o tribunal deberá reunirse co fin de efectuar a valoración e a cualificación dos méritos achegados polos aspirantes.

4. Os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

*Décimo primeira. Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas*

1. En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa identidade.

2. A orde de actuación dos opositores para realizaren aqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea será determinada mediante sorteo polo tribunal en presenza dos aspirantes e inmediatamente antes de iniciarse o primeiro exercicio das probas.

3. Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

4. Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñerlle ó presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

5. Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”.

6. A relación de aprobados en cada exercicio deberá publicarse no taboleiro de anuncios, polo menos con 12 horas de antelación á nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.

7. Os exercicios terán lugar a porta pechada sen outra asistencia cós membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, excepto a lectura por parte dos opositores dos exercicios escritos, que serán públicos.

8. Desde o momento en que remate un exercicio ou proba ata que empece o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

9. Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o presidente que os nomeou, segundo o previsto no artigo 114.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/99.

*Décimo segunda. Cualificación dos exercicios da oposición*

1. Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición será cualificado entre 0 (cero) e 10 (dez) puntos, necesitándose para aprobar cada un dos exercicios obter unha puntuación mínima de 5 (cinco) puntos.

No exercicio tipo test o tribunal determinará o número mínimo de respostas acertadas que se requiren para superar a proba, en función da complexidade técnica destas e das peculiaridades propias da praza convocada.

2. O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de 0 (cero) a 2 (dous) puntos, quedando exentos de o realizaren os aspirantes ás prazas dos grupos D e mais E que acrediten posuír o diploma ou a validación do curso de iniciación en lingua galega, ós que se lles outorgará a cualificación máxima de 2 (dous) puntos, así como os aspirantes ás prazas dos grupos A, B e C que acrediten posuír o diploma ou a validación do curso de perfeccionamento en lingua galega, ós que se lles outorgará a cualificación máxima de 2 (dous) puntos.

3. A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso de selección será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do tribunal.

4. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas ambas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal.

*Décimo terceira. Cualificación dos méritos na fase de concurso*

1. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse fidedignamente con documentos orixinais ou unha copia autenticada acreditativa daqueles.

A suma das puntuacións obtidas no concurso non poderá superar o 40% da suma de puntuacións correspondentes á fase da oposición, e os títulos necesarios para acceder a outro superior non se computarán cando estes se valoren.

2. Nesta fase valoraranse os méritos específicos adecuados ás características de cada praza, segundo o seguinte:

**B A R E M O**

a) Experiencia profesional:

- Por servizos prestados na Administración pública en prazas de igual ou similar categoría profesional á convocada, 0,50 puntos por ano de servizo ou fracción superior a seis meses, ata un máximo de 5 (cinco) puntos.
- Por servizos prestados na Administración pública en prazas de distinta categoría profesional á convocada, 0,20 puntos por ano de servizo ou fracción superior a seis meses, ata un máximo de 2 (dous) puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación acreditativa, expedida pola Admón. pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social.

b) Méritos académicos:

- Por ter o título de doutor 1 punto.
- Por tese de licenciatura ou exame de grao 0,20 puntos.
- Por posuír outros títulos académicos distintos ó esixido para o ingreso ata un máximo de 2 puntos:
  - 1) Título de licenciado universitario: 1 punto
  - 2) Título de diplomado universitario: 0,75 puntos
  - 3) Título de Bacharelato superior, FP-2 ou equivalente: 0,50 puntos
  - 4) Título de Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente: 0,25 puntos
- Por ter realizado un máster ou cursos de especialización cunha duración superior a 150 horas, relacionados co contido da praza obxecto desta

convocatoria 0,60 puntos/máster ou curso de especialización, ata un máximo de dous puntos.

- Por ter realizado os cursos de doutoramento: 0,75 puntos.
- Por realizar proxectos de colaboración e investigación ou gozar de bolsas en centros oficiais relacionados co contido da praza, 0,20 puntos por proxecto ou bolsa, ata un máximo de 1 punto.

c) Cursos:

Por ter asistido a xornadas, congresos, simposios, seminarios ou cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidade Autónoma e Admón. local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública relacionados coa praza á que se opta (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo Nacional de Formación Continua), ata un máximo de 2 (dous) puntos, computándose:

- 1) De 100 ou máis horas de duración 0,25 puntos/curso.
  - 2) De entre 60 e 99 horas de duración 0,20 puntos/curso.
  - 3) De entre 30 e 59 horas de duración 0,15 puntos/curso.
  - 4) De entre 10 e 29 horas de duración 0,10 puntos/curso.
- 1) De 10 ou máis créditos 0,25 puntos/curso.
  - 2) De entre 6 e 9 créditos 0,20 puntos/curso.
  - 3) De entre 3 e 5 créditos 0,15 puntos/curso.
  - 4) De 1 ou 2 créditos 0,10 puntos/curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración da xornada, congreso, simposio, seminario ou curso en créditos ou número de horas.

Así mesmo, no se computarán as xornadas, congresos, simposios, seminarios ou cursos de duración inferior a un crédito ou dez horas.

A validación dos cursos de iniciación e perfeccionamento en lingua galega terase en conta para a exención do exercicio de galego pero non computará na fase de concurso.

De non acreditarse a validación, concederase a exención do exercicio de galego co curso de iniciación en lingua galega no acceso ás prazas do grupo D e E, e cos cursos de iniciación e perfeccionamento no acceso ás prazas dos grupos A, B e C, os cales non computarán na fase de concurso.

d) Publicacións:

Por publicacións técnicas, ben persoalmente ou en grupo, relacionadas co contido da praza convocada, 0,20 puntos por cada unha, ata un máximo de 1 punto.

3. A cualificación dos méritos na fase de concurso será anterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Pazo provincial.

4. A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición.

*Décimo cuarta. Cualificación final e relación de aprobados*

1. Á cualificación obtida polos aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a que corresponda ós exercicios obrigatorios non eliminatorios e dos voluntarios realizados e, no seu caso, a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

2. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4. Non obstante, o tribunal, ó cualificar cada un dos exercicios, non terá en conta a limitación anterior, que só se considerará ó formularlle á Presidencia a proposta coa relación de aprobados, na que só se incluírán aqueles opositores que obtivesen a maior puntuación total final, que nunca poderán superar o número de prazas convocadas en cada proceso selectivo.

5. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e, se isto non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase por sorteo.

*Décimo quinta. Achega de documentos por parte dos opositores aprobados*

1. A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios da corporación provincial, conterá unha advertencia recordándolles ós opositores aprobados que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para ingresar na función pública local e accederen á praza convocada.

2. Os aspirantes propostos chegarán, dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Documento nacional de identidade mediante fotocopia compulsada por ambos lados.
- b) Certificación de nacemento expedida no Rexistro Civil correspondente.
- c) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.
- d) Certificado médico, sen prexuízo dun posterior recoñecemento.
- e) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- f) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado funcionario de carreira, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgúns requisitos.

5. Os aspirantes aprobados que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e os requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar soamente unha certificación acreditativa da súa condición de funcionarios e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal, así como a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

*Décimo sexta. Nomeamento de funcionarios e toma de posesión*

1. Concluído o proceso selectivo, os aspirantes aprobados, cun número que non poderá exceder en ningún caso o das prazas convocadas, serán nomeados funcionarios de carreira, polo presidente, unha vez que xustifiquen documentalmento o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Presidencia, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa toma de posesión, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

3. A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ó da notificación do nomeamento; de non facelo, sen existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, os nomeados quedarán na situación de cesantes.

4. Como consecuencia dos procesos selectivos que teñen lugar, os postos de traballo vacantes adxudicaránse de acordo coas peticións dos interesados entre os postos ofertados e segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

*Décimo sétima. Carácter vinculante das bases*

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración provincial, os tribunais cualificadores e os aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

*Décimo oitava. Incidencias*

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

*Décimo novena. Réxime xurídico*

Os procesos selectivos regularanse polo disposto nas bases xerais e específicas da convocatoria e no non previsto nestas pola Lei 30/1984, do 2 de agosto, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, polo Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, e polo Real decreto 364/95, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado, o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local.

*Vixésima. Disposición final*

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na

forma establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99.

A Administración provincial tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

**II) BASES ESPECÍFICAS DE CADA PROCESO SELECTIVO**

**I. UNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL, QUENDA LIBRE RESERVADA A PERSOAS DISCAPACITADAS**

*Primeira. Número de prazas e características*

Convócase unha praza de administrativo de Admón. xeral integrada no grupo C da escala de Admón. xeral, subescala administrativa, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscribe a praza, estando reservada a persoas con discapacidade.

*Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza, consonte o baremo que se detalla na base décimo terceira.

*Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán posuír o título de bacharelato superior, formación profesional de 2º grao ou equivalente.

*Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en contestar por escrito a un test de 60 preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 40 (corenta) minutos.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en desenvolver por escrito durante un período de 2 (dúas) horas dous temas, un da primeira parte do programa e outro da segunda, que serán extraídos ó chou polo tribunal. Posteriormente, serán convocados oportunamente polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo o seu autor ou, no caso de imposibilidade, a persoa que designe, ou un membro do tribunal.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado co contido do programa nun tempo máximo de 2 (dúas) horas. O tribunal determinará o suposto inmediatamente antes de empezar o exercicio e referirase a materias e tarefas propias da praza convocada. De ser escrito, os aspirantes lerán o seu exercicio en sesión pública ante o tribunal.

*Cuarto exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatório. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

*Quinta. Programa da convocatoria**Primeira parte:*

1. A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Dereitos e deberes fundamentais, a súa garantía e suspensión. O Tribunal Constitucional. Historia e evolución.
2. A Coroa. Funcións constitucionais do rei. Sucesión e rexencia.
3. As Cortes Xerais: organización, atribucións e funcionamento.
4. O Goberno e a Administración do Estado. Designación, duración e responsabilidade do Goberno.
5. O Poder xudicial. O Consello Xeral do Poder xudicial. A organización xudicial española. O Ministerio Fiscal.
6. A Administración central do Estado. A Administración periférica do Estado.
7. A Comunidade Autónoma Galega. Estatuto de Autonomía. O Parlamento de Galicia. A Administración Autónoma de Galicia. Organización e estrutura básica.
8. O sometemento da Administración pública á Lei e ó dereito. Fontes do dereito administrativo. A xerarquía das fontes. A Constitución. A Lei. Disposicións do executivo con forza de Lei. Regulamentos.
9. Concepto da Administración pública. Entidades que comprende. Relacións entre as distintas administracións públicas. Conferencias sectoriais. Convenios de colaboración. Consorcios.
10. Órganos das administracións públicas. Principios xerais e competencias. Réxime dos órganos Colexiados.
11. Os interesados no procedemento administrativo. O Acto administrativo: concepto, clases e elementos.
12. Motivación e notificación dos actos administrativos. Eficacia. Executividade e acción de oficio. Suspensión.
13. O procedemento administrativo. Principios xerais. Fases do procedemento: iniciación, ordenación, instrución e finalización.
14. Validez e invalidez do acto administrativo. Clases de vicios e os seus defectos. Validación, conservación e conversión.
15. Revisión dos actos en vía administrativa. Revisión de oficio de actos nulos e anulados. Revogación de actos. Rectificación de erros.
16. Recursos administrativos. Fin da vía administrativa. Recurso de alzada. Recurso potestativo de reposición. Recurso extraordinario de revisión.
17. Reclamacións previas á vía xudicial.
18. A xurisdición contencioso-administrativa. Extensión e límites. As partes do proceso. Procedemento. As sentenzas e a súa execución.
19. Responsabilidade das administracións públicas. Principios de responsabilidade. Indemnización por danos e procedementos para a súa esixencia. A responsabilidade das autoridades e persoal ó servizo das administracións públicas.
20. A potestade sancionadora das administracións públicas. Principios da potestade sancionadora. Principios do procedemento sancionador.

*Segunda parte:*

21. O réxime local español. Principios constitucionais.
22. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencia.
23. A provincia e as súas competencias.
24. A organización provincial. Órganos básicos e complementarios.
25. O presidente e as súas atribucións. A Xunta de Goberno e as súas atribucións. O Pleno e as súas atribucións.
26. O réxime de sesións e acordos dos órganos Colexiados locais. Clases de sesións. Requisitos e procedemento de constitución e celebración de sesións. Actas e certificacións.
27. As eleccións locais. O distrito electoral. Electores e elixibles. Constitución dos entes locais. Procedemento electoral.
28. Constitución da corporación provincial e moción de censura.
29. A potestade regulamentaria dos entes locais. Regulamento orgánico. Ordenanzas, regulamentos e bandos: procedementos de elaboración e aprobación. Límites da potestade regulamentaria.
30. Mancomunidades. Comarcas. Entidades locais inferiores ó municipio.
31. A función pública local e a súa organización. Dereitos e deberes dos funcionarios.
32. O cadro de persoal e a oferta de emprego público na Administración local. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas dos funcionarios.
33. Os contratos administrativos: natureza, caracteres e clases. Elementos: suxeitos, obxecto, causa e forma. Formas de adxudicación dos contratos. Procedementos.
34. Contido e efectos dos contratos administrativos: prerrogativas da Administración e equilibrio financeiro. Cumprimento dos contratos administrativos. Risco e ventura e forza maior na contratación administrativa. Revisión de prezos. Resolución, rescisión e renuncia.
35. O servizo público das entidades locais. Os modos de xestión. Especial referencia á concesión de servizos e á empresa pública local. O consorcio.
36. Os bens das entidades locais. Réxime xurídico dos bens das entidades locais.
37. O orzamento xeral das entidades locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación. A prórroga do orzamento.
38. As modificacións de crédito: concepto, clases e tramitación.
39. As bases de execución do orzamento. A liquidación do orzamento: confección e aprobación, os remanentes de crédito. O resultado orzamentario e o remanente de tesourería.
40. O control interno da actividade económica financeira das entidades locais e dos seus entes dependentes. A función interventora. O control externo da actividade económica financeira das entidades locais e dos seus entes dependentes.

## II. ONCE PRAZAS DE ADMINISTRATIVOS DE ADMÓN. XERAL, QUENDA PROMOCIÓN INTERNA

### *Primeira. Número de prazas, postos de traballo e características*

Convócanse once prazas de administrativo de Admón. xeral integradas no grupo C da escala de Admón. xeral, subescala administrativa, dotadas coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ós postos de traballo ó que se adscriban as prazas.

### *Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición restrinxido mediante o procedemento de promoción interna. Na fase do concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza convocada consonte o baremo que se detalla na base décimo terceira.

### *Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do título de bacharelato superior, formación profesional de 2º grao ou equivalente, ou ter unha antigüidade de dez anos na subescala auxiliar, grupo D, ou de cinco anos e a superación dun curso específico de formación na data na que remate o prazo de admisión de instancias.
- b) Acreditar unha antigüidade de, polo menos, dous anos nesta Deputación no grupo inmediatamente inferior o día que remate o prazo de presentación de solicitudes.

### *Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en contestar por escrito a un test de 40 preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo deste exercicio será de 30 (trinta) minutos.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Desenvolverase por escrito e consistirá na resolución dun suposto práctico proposto polo tribunal mediante sorteo entre dous elaborados previamente por aquel sobre materias e tarefas propias da praza convocada. O tempo máximo de realización deste exercicio será de 1 (unha) hora e 30 (trinta) minutos. Os aspirantes lerán o seu exercicio en sesión pública ante o tribunal.

### *Quinta. Programa da convocatoria*

De conformidade co disposto no R.d. 896/91, o programa da convocatoria consta de 40 temas; non obstante, en base ó previsto no artigo 77 do R.d. 364/95 do 10 de marzo, os aspirantes a estas prazas da quenda de promoción interna están exentos das materias das que teñan acreditado suficientes coñecementos nas probas de ingreso, quedando reducidos a 20 temas:

#### *Primeira parte:*

1. Os interesados no procedemento administrativo. O acto administrativo: concepto, clases e elementos.
2. Motivación e notificación dos actos administrativos. Eficacia. Executividade. Suspensión.
3. O procedemento administrativo. Principios xerais. Fases do procedemento: iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.

4. Validez e invalidez do acto administrativo. Clases de vicios e os seus defectos. Validación, conservación e conversión.
5. Revisión dos actos en vía administrativa. Revisión de oficio de actos nulos e anulables. Revogación de actos. Rectificación de erros.
6. Recursos administrativos. Fin da vía administrativa. Recurso de alzada. Recurso potestativo de reposición. Recurso extraordinario de revisión.
7. Reclamacións previas á vía xudicial.
8. A xurisdición contencioso-administrativa: extensión e límites. As partes do proceso. Procedemento. As sentenzas e a súa execución.
9. Responsabilidade das administracións públicas. Principios de responsabilidade. Indemnización por danos e procedementos para a súa esixencia. A responsabilidade das autoridades e persoal ó servizo das administracións públicas.
10. A potestade sancionadora das administracións públicas. Principios da potestade sancionadora. Principios do procedemento sancionador.

#### *Segunda parte:*

11. O réxime local español. Principios constitucionais. A organización provincial, órganos básicos e complementarios.
12. O réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais. Clases de sesións. Requisitos e procedemento de constitución.
13. A función pública local e a súa organización. Dereitos e deberes dos funcionarios.
14. O cadro de persoal orzamentario e a oferta de emprego público. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións administrativas dos funcionarios.
15. Os contratos administrativos: natureza, caracteres e clases. Elementos: suxeitos, obxecto, causa e forma. Formas de adxudicación dos contratos. Procedementos.
16. Contido e efectos dos contratos administrativos: prerrogativas da Administración e equilibrio financeiro. Cumprimento dos contratos administrativos. Risco e ventura e forza maior na contratación administrativa. Revisión de prezos. Resolución, rescisión e renuncia.
17. O orzamento das entidades locais. Principios xerais e estrutura orzamentaria.
18. Elaboración e aprobación do orzamento: especial referencia ás bases de execución do orzamento. As modificacións de crédito.
19. As bases de execución do orzamento. A liquidación do orzamento: confección e aprobación, os remanentes de crédito. O resultado orzamentario e o remanente de tesourería.
20. O control interno da actividade económica financeira das entidades locais e dos seus entes dependentes. A función interventora. O control externo da actividade económica financeira das entidades locais e dos seus entes dependentes.

### III. UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL, QUENDA LIBRE, RESERVADA A DISCAPACITADOS

#### *Primeira. Número de prazas e características*

Convócanse unha praza de auxiliar de Admón. xeral integrada no grupo D da escala de Admón. xeral, subescala auxiliar, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscribe a praza, estando reservada a persoas con discapacidade.

#### *Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza, segundo o baremo que se detalla na base décimo terceira.

#### *Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Posuír o título de Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente.
- Acreditar mediante certificado expedido para o efecto polo órgano competente da Comunidade Autónoma unha discapacidade cuxo grao de minusvalía sexa igual ou superior ó 33%.
- Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que aspira e non padecer limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das correspondentes funcións.

#### *Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en contestar por escrito a un test de 40 preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 30 (trinta) minutos.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado co contido da terceira parte do programa, no que se demostre a experiencia para manexar o programa de tratamento de textos e/ou folla de cálculo, no tempo que marque o tribunal.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de unha hora e media dous temas, un da primeira parte do programa e outro da segunda, que serán extraídos ó chou polo tribunal. Posteriormente, serán convocados oportunamente polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo o seu autor ou, no caso de imposibilidade, a persoa que designe, ou un membro do tribunal.

*Cuarto exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatório. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

#### *Quinta. Programa da convocatoria*

##### *Primeira parte:*

- A Constitución española de 1978. Principios, dereitos e deberes dos españois.

- A Coroa. O poder lexislativo.
- O Goberno e a Administración do Estado.
- O poder xudicial. O Consello Xeral do poder xudicial. A organización xudicial española. O Ministerio Fiscal. O Tribunal Constitucional.
- A organización territorial do Estado. Os estatutos de autonomía. O seu significado. O Parlamento de Galicia. A Administración Autonómica de Galicia. A organización e a súa estrutura básica.
- O acto administrativo: concepto, clases e elementos; requisitos dos actos administrativos. A obriga de resolver e actos presuntos. Eficacia nos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.
- O procedemento administrativo común. Fases do procedemento: iniciación, ordenación, instrución e finalización.
- A revisión de oficio dos actos administrativos. Recursos administrativos. A xurisdición contencioso-administrativa.

##### *Segunda parte:*

- Os contratos administrativos de obras, subministracións e xestión do servizo público na esfera local. Procedemento para a selección de contratistas.
- Os bens das entidades locais. Réxime xurídico dos bens dos Entes locais.
- A provincia. Organización e competencias.
- O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencia.
- O réxime de sesións e acordos dos órganos Colexiados. Clases de sesións. Requisitos e procedementos de constitución e celebración de sesións. Actas e certificacións.
- As facendas locais. Clasificación dos ingresos. O orzamento das entidades locais.
- Os funcionarios públicos. Concepto e clases. Nacemento e extinción da relación funcional. Dereitos e deberes dos funcionarios.
- Situacións administrativas dos funcionarios. Réxime disciplinario. Os funcionarios públicos locais.

##### *Terceira parte:*

- Concepto de Hardware. Esquema básico dunha computadora. Concepto de Software. Diferentes tipos de Software.
- Periféricos dunha computadora. A súa clasificación. Concepto de dato en informática. Tipos de datos.
- Concepto de campo, rexistro, ficheiro. Concepto de paquete integrado. Características comúns.
- Concepto de base de datos. Bases de datos máis empregadas. Concepto de procesador de textos e de folla de cálculo.

### IV. CATRO PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL, QUENDA LIBRE

#### *Primeira. Número de prazas e características*

Convócanse catro prazas de auxiliar de Admón. xeral integradas no grupo D da escala de Admón. xeral, subescala auxiliar, dotadas coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriben as prazas.

*Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza, segundo o baremo que se detalla na base décimo terceira.

*Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán posuír o título de Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao ou equivalente.

*Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en contestar por escrito a un test de 40 preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 30 (trinta) minutos.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado co contido da terceira parte do programa, no que se demostre a experiencia para manexar o programa de tratamento de textos e/ou folla de cálculo, no tempo que marque o tribunal.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de unha hora e media dous temas, un da primeira parte do programa e outro da segunda, que serán extraídos ó chou polo tribunal. Posteriormente, serán convocados oportunamente polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo o seu autor ou, no caso de imposibilidade, a persoa que designe, ou un membro do tribunal.

*Cuarto exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatório. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

*Quinta. Programa da convocatoria**Primeira parte:*

1. A Constitución española de 1978. Principios, dereitos e deberes dos españois.
2. A Coroa. O poder lexislativo.
3. O Goberno e a Administración do Estado.
4. O poder xudicial. O Consello Xeral do poder xudicial. A organización xudicial española. O Ministerio Fiscal. O Tribunal Constitucional.
5. A organización territorial do Estado. Os estatutos de autonomía. O seu significado. O Parlamento de Galicia. A Administración Autonómica de Galicia. A organización e a súa estrutura básica.
6. O acto administrativo: concepto, clases e elementos; requisitos dos actos administrativos. A obriga de resolver e actos presuntos. Eficacia nos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.
7. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento: iniciación, ordenación, instrución e finalización.
8. A revisión de oficio dos actos administrativos. Recursos administrativos. A xurisdición contencioso-administrativa.

*Segunda parte:*

9. Os contratos administrativos de obras, subministracións e xestión do servizo público na esfera local. Procedemento para a selección de contratistas.
10. Os bens das entidades locais. Réxime xurídico dos bens dos Entes locais.
11. A provincia. Organización e competencias.
12. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencia.
13. O réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados. Clases de sesións. Requisitos e procedementos de constitución e celebración de sesións. Actas e certificacións.
14. As facendas locais. Clasificación dos ingresos. O orzamento das entidades locais.
15. Os funcionarios públicos. Concepto e clases. Nacemento e extinción da relación funcional. Dereitos e deberes dos funcionarios.
16. Situacións administrativas dos funcionarios. Réxime disciplinario. Os funcionarios públicos locais.

*Terceira parte:*

17. Concepto de Hardware. Esquema básico dunha computadora. Concepto de Software. Diferentes tipos de Software.
18. Periféricos dunha computadora. A súa clasificación. Concepto de dato en informática. Tipos de datos.
19. Concepto de campo, rexistro, ficheiro. Concepto de paquete integrado. Características comúns.
20. Concepto de base de datos. Bases de datos máis empregadas. Concepto de procesador de textos e de folla de cálculo.

**V. UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL, QUENDA PROMOCIÓN INTERNA***Primeira. Número de prazas e características*

Convócase unha praza de auxiliar de Admón. xeral, integrada no grupo D da escala de Admón. xeral, subescala auxiliar, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza.

*Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición restrinxido, mediante procedemento de promoción interna. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza consonte o baremo que se detalla na base décimo terceira.

*Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír o título de graduado escolar, FP-1 ou equivalente na data na que remate o prazo de admisión de instancias.
- b) Acreditar unha antigüidade de, polo menos, dous anos nesta Deputación Provincial no grupo inmediatamente inferior o día que remate o prazo para presentar as solicitudes.

*Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en contestar por escrito a un test de 30 preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 30 (trinta) minutos.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en desenvolver por escrito un tema da primeira parte do programa extraído ó chou polo tribunal, e durante un período máximo dunha (1) hora. Posteriormente serán convocados oportunamente polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo o seu autor ou, no caso de imposibilidade, a persoa que designe, ou un membro do tribunal.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado co contido da terceira parte do programa, no que se demostre a experiencia para manexar o programa de tratamento de textos e/ou folla de cálculo, no tempo que marque o tribunal.

*Quinta. Programa da convocatoria*

De conformidade co disposto no R.D. 896/91, o programa da convocatoria consta de 20 temas; non obstante, en base ó previsto no artigo 77 do R.d. 364/95 do 10 de marzo, os aspirantes a estas prazas da quenda de promoción interna están exentos das materias das que teñan acreditado suficientes coñecementos nas probas de ingreso, quedando reducidos a 15 temas:

*Primeira parte:*

1. A organización territorial do Estado. Os estatutos de autonomía. O seu significado. O Parlamento de Galicia. A Administración Autonómica de Galicia. A organización e a súa estrutura básica.
2. O acto administrativo: concepto, clases e elementos; requisitos dos actos administrativos. A obriga de resolver e actos presuntos. Eficacia nos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.
3. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e finalización.
4. A revisión de oficio dos actos administrativos. Recursos administrativos.
5. Os contratos administrativos de obras, subministrados e servizo público na esfera local. Procedemento para a selección de contratistas.
6. A provincia. Organización e competencias.
7. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencia.
8. O réxime de sesións e acordos dos órganos colegiados. Clases de sesións. Requisitos e procedementos de constitución e celebración de sesións. Actas e certificacións.
9. As facendas locais. Clasificación dos ingresos. O orzamento das entidades locais.
10. Os funcionarios públicos. Concepto e clases. Nacemento e extinción da relación funcional. Dereitos e deberes dos funcionarios. Situacións administrativas dos funcionarios. Réxime disciplinario.

*Segunda parte:*

11. Concepto de Hardware. Concepto de Software. Diferentes tipos de Software.

12. Concepto de dato en informática. Tipos de datos. Concepto de campo, rexistro, ficheiro.
13. Concepto de paquete integrado. Características comúns.
14. Concepto de base de datos. Bases de datos máis empregadas.
15. Concepto de procesador de textos e de folla de cálculo.

**VI. UNHA PRAZA DE PSICÓLOGO,  
QUENDA LIBRE***Primeira. Número de prazas e características*

Convócase unha praza de psicólogo, encadrada no grupo A da escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico superior, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza.

*Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adaptados ás características da praza segundo o baremo que se detalla na base décimo terceira.

*Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán posuír o título de licenciado en Psicología.

*Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en contestar por escrito a cen preguntas tipo test con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa; o tempo máximo de realización será de 1 (unha) hora.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en desenvolver por escrito, tres temas extraídos ó chou polo tribunal, un de cada parte específica do programa, durante un período máximo de 4 (catro) horas. O exercicio deberao ler o opositor en sesión pública ante o tribunal os días e ás horas que oportunamente se sinala.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá na resolución de un suposto práctico durante o tempo máximo de 3 (tres) horas. O tribunal determinará os dous supostos inmediatamente antes de empezar o exercicio e referirase a materias e tarefas propias da praza convocada. De ser escrito, os aspirantes lerán o seu exercicio en sesión pública ante o tribunal.

*Cuarto exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatório. Consistirá na tradución directa ó idioma galego dun texto en castelán elixido polo tribunal, sen axuda do dicionario.

*Quinta. Programa da convocatoria**Primeira parte:*

1. Conceptos xurídicos básicos na protección á infancia e adolescencia. Neno, nena ou adolescente. Patria potestade ou potestade paterna. Situación de risco. Situación de desamparo.

2. Conceptos xurídicos básicos na protección á infancia e á adolescencia. Tutela por Ministerio da lei. Tutela ordinaria.
  3. Conceptos xurídicos básicos na protección á infancia e á adolescencia. O acollemento.
  4. Conceptos xurídicos básicos na protección á infancia e á adolescencia. A garda.
  5. Conceptos xurídicos básicos na protección á infancia e á adolescencia. A adopción.
  6. Clasificación dos centros de protección na Comunidade Autónoma galega.
  7. Centros de protección de menores. Definición. Características. Requisitos. Tipos de centros. Outros axentes de protección.
  8. Unidade de primeira acollida. Protocolo específico de actuación con menores estranxeiros como centro de recepción na Comunidade Autónoma galega. Ingresos de menores por desamparo. Ingresos de menores cunha medida xudicial.
  9. Protocolo de actuación con menores estranxeiros na provincia de Pontevedra. Xustificación.
  10. A educación especial: do modelo de déficit ó de necesidades educativas especiais. Principios xerais da intervención educativa nestas necesidades.
  11. Os valores na educación. Teorías do desenvolvemento e aprendizaxe dos valores. Procesos de socialización e autocontrol. Contextos socializantes. Aprendizaxe de normas. Grupos de referencia.
  12. Principios didácticos no proceso de ensinanza e aprendizaxe. A aprendizaxe educativa. O papel das capacidades e coñecementos previos. A personalización dos procesos de ensinanza-aprendizaxe. O proceso de ensinanza e aprendizaxe como proceso de construción e interacción.
  13. Convivencia nos centros educativos. Área de autonomía e responsabilidades na asistencia residencial. Intervención ante condutas inadecuadas.
  14. Unidade de primeira acollida. Funcións. Tipoloxía. Organización. Momento da recepción, intervención. Recursos.
  15. Proceso de saída do menor do centro de protección. Desvinculación. Criterios para determinar a saída. Preparación da saída do centro. Regreso á familia.
  16. Proceso de saída do menor do centro de protección. O paso ó acollemento familiar. Proceso de adaptación. Emancipación. Cambio de centro.
  17. Estrutura organizativa dos centros de menores. O persoal: perfil, dereitos e deberes.
  18. A atención residencial na protección á infancia: necesidades do neno dentro dun programa de integración estable.
  19. O papel da moralidade no contexto educativo.
  20. Novas tendencias no acollemento residencial.
  21. Programa de prevención do consumo de drogas. Principios de actuación. Recursos. Obxectivos. Actuacións. Prevención no consumo de drogas no ámbito familiar, no educativo e no ámbito xuvenil.
  22. O proxecto educativo nos centros de menores. O regulamento de réxime interior nos centros de menores.
  23. O proxecto educativo individualizado.
  24. Plan integral de apoio ó menor (PIAM).
- Segunda parte:*
25. Os tests psicométricos. Características. Os tests de intelixencia, de aptitude e de personalidade. Características e tipos.
  26. Os tests proxectivos: características e clasificación. A entrevista psicolóxica: concepto, características e tipos.
  27. Técnicas de avaliación da conduta: concepto, obxectivos, clasificacións e tipoloxía.
  28. O informe psicolóxico. Aspectos xerais. Tipos de informe. Estrutura do informe psicolóxico.
  29. Avaliación psicopedagóxica: avaliación dos aspectos intelectuais, cognitivos, afectivos, sociais e de adaptación.
  30. O desenvolvemento evolutivo na primeira infancia: desenvolvemento social, motor e afectivo. Linguaxe e comunicación. Implicacións educativas.
  31. O desenvolvemento evolutivo na idade escolar: desenvolvemento social, motor e afectivo. Linguaxe e comunicación. Implicacións educativas.
  32. O desenvolvemento evolutivo na adolescencia. Cambios que acompañan á puberdade. Desenvolvemento cognitivo. Implicacións educativas.
  33. Trastornos máis comúns da comunicación e da linguaxe.
  34. Educación para a convivencia, para a paz e a igualdade. A educación e o desenvolvemento de actividades cooperativas, democráticas e cívicas. Educación non discriminatoria. Bullying.
  35. Programas para ensinar a pensar, para aprender a aprender. Métodos e técnicas de traballo individual. Principios xerais e aplicacións en áreas e ámbitos específicos.
  36. O xogo. Teorías. O xogo dirixido. Aplicacións educativas. Educación para o ocio.
  37. O proceso de tomar decisións: ensino e aprendizaxe. A madurez vocacional. A orientación profesional e os procesos de toma de decisións vocacional.
  38. Drogodependencia e marxinación. Conceptos básicos e tipos de adicións. Epidemioloxía. Motivación, actitudes e factores de risco. A rede de atención á drogodependencia na Comunidade Autónoma galega.
  39. A poboación xitana en Galicia. Aspectos demográficos. Problemática específica. Medidas para a integración social.
  40. O papel da familia na educación. A familia como risco e protección. Contexto familiar e psicopatolóxico. Intervención no contexto residencial.
  41. Protección de datos. Definición. Ámbito normativo. Autoridades de control. Ámbitos de aplicación. Deber de notificación do ficheiro.
  42. Principios da lei orgánica de protección de datos. Ferramentas. Principio de calidade. Principio de información e recollida de datos.
  43. Principio da lei orgánica de protección de datos. Principio de consentimento. Principio de seguridade. Principio de deber secreto. Principio de cesión de datos.
  44. Organismos competentes en materia de infancia. Organismos implicados cando existen abusos sexuais a menores.
  45. Lei de servizos sociais.
  46. Papel e funcións do equipo educativo e xunta educativa na atención residencial a menores.
  47. Funcións do equipo de psicólogos nos centros educativos asistenciais, internados ou atención de día.

48. Os centros de día, modalidades, competencias, lexislación aplicable.

*Terceira parte:*

49. Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. Intervención ante o maltrato infantil.
50. Intervencións psicolóxicas en situacións de duelo. Concepto. Características.
51. O proceso de intervención en psicopatoloxías infantís: patoloxías máis comúns, obxectivos, principios e programas.
52. Trastornos do comportamento na infancia e na adolescencia: síndromes clínicos.
53. As persoas con discapacidade intelectual: características do seu desenvolvemento. Principios xerais de intervención educativa e criterios para adaptar o currículo a estes alumnos.
54. Discapacidades sensoriais: tipos e avaliación. Ensinanza de habilidades básicas e hábitos de autonomía con alumnos con déficits ou disfuncións. Sistemas de comunicacións.
55. Trastornos psicomotores máis comúns na infancia: concepto, características e tratamento.
56. Dificultades e problemas na adquisición da linguaxe falada e escrita. Intervención.
57. Diferentes ritmos de aprendizaxe: alumnos lentos na aprendizaxe, intervención educativa.
58. O neno con autismo: descrición, avaliación e intervención.
59. Aspectos psicopatolóxicos máis comúns das funcións corporais: trastornos da conduta alimentaria e trastornos do control de esfínteres. Concepto, clasificación e intervención.
60. Aspectos psicopatolóxicos máis comúns das funcións corporais: trastornos do sono e trastornos psicomotores. Concepto, clasificación e intervención.
61. O “menor” impulsivo: descrición, avaliación e intervención.
62. Inadaptación social e conduta delitativa na adolescencia. Factores etiolóxicos, constitucionais, familiares e sociolóxicos. Programas de prevención e intervención.
63. Dinámica de grupos. Terapia de grupo. Psicodrama e sociodrama.
64. Técnicas cognitivas: concepto, tipos, aplicacións.
65. Técnicas da conduta: concepto, tipos, aplicacións.
66. Educación para a saúde: educación socio-afectiva-social. Concepto. Metodoloxía. Estratexias.
67. Atención residencial: criterios e principios.
68. Abusos sexuais a menores. Indicadores de abuso sexual. Detección. Intervención.
69. Os alumnos superdotados. Posibilidades educativas que lles ofrece o currículo nas seguintes etapas. O traballo con alumnos superdotados.
70. As ACIS. Papel do psicólogo nelas. Lexislación aplicable.
71. Dereitos e deberes dos menores nos centros de atención residencial.
72. Inserción socio-laboral da mocidade. Programa mentor.

*Cuarta parte:*

Programa correspondente ó grupo A. Anexo I.

**VII. UNHA PRAZA DE ARQUEÓLOGO,  
QUENDA LIBRE**

*Primeira. Número de prazas e características*

Convócase unha praza de arqueólogo, integrada no grupo A da escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico superior, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza.

*Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición, quenda libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza segundo o baremo que se detalla na base décimo terceira.

*Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán posuír o título de licenciado en Historia.

*Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en contestar por escrito a 100 preguntas tipo test con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa; o tempo máximo de realización será de 1 (unha) hora.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en desenvolver por escrito tres temas extraídos ó chou polo tribunal, un de cada parte específica do programa, durante un período máximo de 4 (catro) horas. O exercicio deberao ler o opositor en sesión pública ante o tribunal e nos días e ás horas que oportunamente se sinala.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Desenvolverase por escrito e consistirá na resolución dun suposto práctico proposto polo tribunal mediante sorteo entre dous elaborados previamente por aquel sobre materias e tarefas propias da praza convocada. O tempo máximo de realización deste exercicio será de 3 (tres) horas. Os aspirantes lerán o seu exercicio en sesión pública ante o tribunal.

*Cuarto exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatório. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

*Quinta. Programa da convocatoria*

*Primeira parte:*

1. A Lei 16/1985, de 25 de xuño, do patrimonio histórico español. Principios xerais.
2. Declaración de B.I.C. na Lei 16/1985: os bens móbiles e inmóbiles e a súa protección.
3. O patrimonio arqueolóxico na Lei 16/1985.
4. O patrimonio etnográfico na Lei 16/1985.
5. A Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia. Principios xerais e contido.
6. A declaración de B.I.C. en Galicia.
7. O patrimonio arqueolóxico na normativa autonómica galega.
8. O patrimonio etnográfico na normativa autonómica galega.

9. O réxime sancionador na Lei 8/1995.
10. O Decreto 199/1997, regulador da actividade arqueolóxica na Comunidade galega. Principios e contido.
11. A Lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago: principios xerais e contido.
12. Tramitación de expedientes de actividades arqueolóxicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
13. Competencia das entidades locais na conservación e defensa dos restos arqueolóxicos.
14. O concepto de arqueoloxía.
15. Historia da arqueoloxía.
16. Correntes teóricas da arqueoloxía moderna.
17. Correntes teóricas da arqueoloxía posmoderna.
18. A arqueoloxía na sociedade actual.
19. O paleoambiente: a xeoloxía, a arqueozooloxía e a arqueobotánica.
20. A prospección arqueolóxica: técnicas e formulacións.
21. A fotografía aérea e a prospección xeofísica.
22. A escavación arqueolóxica: métodos e técnicas.
23. O xacemento arqueolóxico: concepto e definición. Procesos de formación.
24. A datación en arqueoloxía: cronoloxía absoluta.

*Segunda parte:*

25. A datación en arqueoloxía: cronoloxía relativa.
26. A estratigrafía.
27. A etnoarqueoloxía: concepto e definición.
28. As aplicacións informáticas en arqueoloxía.
29. O Paleolítico inferior na Península Ibérica.
30. O Paleolítico medio na Península Ibérica.
31. O Paleolítico superior na Península Ibérica.
32. A arte rupestre paleolítica.
33. O Epipaleolítico e o Mesolítico na Península Ibérica.
34. O Calcolítico na Península Ibérica.
35. O Bronce inicial e medio na Península Ibérica.
36. O Bronce final na Península Ibérica.
37. O Ferro inicial na Península Ibérica.
38. O Ferro II na Península Ibérica.
39. A colonización fenicia da Península Ibérica.
40. O mundo púnico na Península Ibérica.
41. A presenza grega na Península Ibérica.
42. Roma na Península Ibérica.
43. Grandes infraestructuras romanas.
44. Principais construcións urbanas romanas.
45. O Paleolítico na provincia de Pontevedra e o seu contexto no marco galego.
46. O Mesolítico na provincia de Pontevedra e o seu contexto no marco galego.
47. O Neolítico na provincia de Pontevedra e o seu contexto no marco galego.
48. O Calcolítico e a Idade de Bronce na provincia de Pontevedra.

*Terceira parte:*

49. O fenómeno megalítico na provincia de Pontevedra.
50. A arte rupestre na provincia de Pontevedra.
51. A cultura material cerámica na Prehistoria recente de Galicia.
52. A Idade de Ferro en Galicia.
53. A cultura castrexa na provincia de Pontevedra.

54. Cerámica castrexa. Especial referencia a exemplos da provincia de Pontevedra.
55. O comercio marítimo durante a Idade de Ferro: etapas e materiais.
56. O proceso de romanización do NW hispánico.
57. A romanización na provincia de Pontevedra.
58. As vilas romanas da provincia de Pontevedra.
59. As vías romanas da provincia de Pontevedra.
60. Cerámica romana na provincia de Pontevedra.
61. A Idade Media na provincia de Pontevedra: as cidades.
62. A Idade Media na provincia de Pontevedra: o mundo rural.
63. A olería popular galega. Principais núcleos oleiros, características e distribución dos produtos.
64. A ordenanza reguladora do uso e defensa das estradas provinciais.
65. A avaliación do impacto arqueolóxico en obras lineais: o caso das estradas titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra.
66. As intervencións arqueolóxicas promovidas pola Deputación Provincial de Pontevedra. Historia e actualidade.
67. Intervencións arqueolóxicas na chamada Mazá Cultural da Deputación Provincial da cidade de Pontevedra.
68. O proxecto de cooperación transfronteiriza Intereg III-A Vías Atlánticas.
69. Museos da provincia de Pontevedra integrados no Sistema Galego de Museos.
70. Museos con fondos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra.
71. O Museo Provincial de Pontevedra: historia e fondos.
72. A rede galega do patrimonio arqueolóxico.

*Cuarta parte:*

Programa correspondente ó grupo A. Anexo I.

**VIII. UNHA PRAZA DE TÉCNICO DE PROTOCOLO,  
QUENDA LIBRE**

*Primeira. Número de prazas e características.*

Convócase unha praza de técnico de protocolo, integrada no grupo A da escala de Admón. especial, subescala técnica, clase técnico superior, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza.

*Segunda. Sistema de selección.*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adaptados ás características da praza segundo o baremo que se detalla na base decimoterceira.

*Terceira. Condicións dos aspirantes.*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, os aspirantes deberán posuí-lo título de licenciado en Periodismo, ou licenciado Publicidade e Relacións Públicas.

*Cuarta. Exercicios da oposición.*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a cen pregun-

tas tipo test con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa; o tempo máximo de realización será de 1 hora.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatório. Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de 3 horas, tres temas extraídos ó chou de cada unha das tres partes específicas do programa, correspondéndolle un tema a cada parte. O exercicio debe-rao ler o opositor en sesión pública ante o tribunal os días e ás horas que oportunamente se sinala.

5. Seguridade nas instalacións eléctricas. Protección nas instalacións eléctricas, esquemas de conexión a terra das redes de distribución ou alimentación das instalacións eléctricas. Protección contra sobre-intensidades, protección contra sobre-tensións, materias e esquemas. Protección contra contactos directos ou indirectos. Posta a terra (en edificios novos e existentes). Tomas de terra. Grao de protección das envolventes.
6. Luminotecnia. Magnitudes fundamentais, sistemas de xeración de luz, fontes de luz, lámpadas de incandescencia, de descarga, fluorescentes e outras lámpadas especiais. Elementos complementarios para o funcionamento destas lámpadas e dispositivos de control do alumeados. Esquemas de montaxe.
7. Instalacións eléctricas de interior. Tubos protectores para canalizacións eléctricas, sistemas de instalación, instalacións en vivendas, outras instalacións, execución das instalacións, proceso de realización, instalacións de enlace.
8. Instalación en locais comerciais e de características especiais. Tipo de subministros, locais de pública concorrencia, de risco e explosión, de características especiais, alumeados de emerxencia.
9. Cálculo e verificación nas instalacións eléctricas de baixa tensión. Caída de tensión e sección dos condutores, previsión de cargas, corrente de curto-circuíto.

10. Transformadores e motores. Funcionamento, cálculo de intensidades, potencias e proteccións. Funcionamento dos motores e tipos. Cálculo de proteccións e tipos. Corrección do factor de potencia.

*Segunda parte:*

11. Iluminación exterior. Formas de colocación. Cálculo de alumeados por método de fluxo luminoso. Tipos de luminarias, curvas de utilización. Alimentación e control das instalacións de iluminacións exteriores. Iluminación con proxectores (tipos de iluminación). Mantemento das instalacións de iluminación exterior.
12. Automatización de vivendas e edificios. Domótica e inmótica. Áreas de aplicación. Redes domésticas. Pasarela residencial. Fogar residencial.
13. Técnicas aplicadas á automatización de vivendas e edificios. Características, funcións e tipoloxía. Configuración de redes domésticas. Tecnoloxías e sistemas técnicos aplicados á automatización de vivendas e edificios.
14. Instalacións electroacústicas e vídeo. Componentes dunha instalación electroacústica. Instalacións con amplificación de potencia centralizada e descentralizada. Componentes das dúas instalacións anteriores. Compresibilidade e intelixibilidade da palabra. Factores que interveñen na compresibilidade e intelixibilidade da palabra. Mantemento dunha instalación de sonorización e proba de funcionamento. Elementos dunha instalación para sistemas de presentacións audiovisuais, tipos de cableado e conectores.
15. Instalacións de telefonía. Redes telefónicas. Elementos das redes telefónicas. Cables, tipos e códigos de cores. Fibra óptica, estrutura, elementos dos sis. Requisitos eléctricos dos elementos da itc. Requisitos de seguridade entre instalacións. Redes interiores PDS (Sistema de cableado estruturado). Estrutura xeral. Administración do sis. Redes ibercom (o seu funcionamento).
16. Instalacións de seguridade. Tipos de sistemas de seguridade (segundo axentes causantes e a súa localización e suxeitos receptores e a súa localización). Tipos e características dos sistemas de seguridade: contra incendios, anti-intrusión, control de acceso, contra atraco, circuíto pechado de TV (CCTV). Materiais empregados en todos estes sistemas. Sistemas de aviso e sinalización de alarmas. Simbología e esquemas nas instalacións de seguridade. Sistemas de control de acceso. Circuíto cerrado de TV. Mantemento de sistemas de seguridade. Mantemento dos sistemas anti-intrusión e CCTV. Mantemento dos sistemas contra incendios.
17. Centros de transformación. Clasificación dos centros de transformación. Centros de exterior e interior. Partes fundamentais dun centro de transformación. Aparamento para media tensión. Manobras dun centro de transformación. Descrición de panel de manobras e mímica, EPI's e seguridade nun centro de transformación.
18. Redes informáticas. Conectores e funcionamento (conexionado). Hub. Swich. Modem (formas de funcionamentos destes aparatos). ITC (Infraestruturas comúns de telecomunicacións). Redes locais LAN, Ethernet, tipoloxías. Cableado de redes LAN, tipos de cables. Conexionado entre redes. WLAN.

19. A electricidade na climatización dos edificios e vivendas. Produción de calor a través de aparatos eléctricos. Produción de calor a través da combustión de produtos petrolíferos. Convectores, acumuladores (instalacións). Queimadores de gasoil. Sala de caldeiras: dimensións das salas, bombas de circulación, electroválvulas, termostatos, sistemas de seguridade nunha instalación destas características. Control da enerxía e elementos para o seu control. Ventilacións na sala de caldeiras, cálculo das ventilacións, natural e forzada. ACS (producción e instalacións). Mantemento das instalacións por acumuladores, convectores, etc. Mantemento das caldeiras.
20. Seguridade e hixiene no manexo da electricidade e as instalacións eléctricas. En baixa e media tensión. EPI's. As cinco regras a seguir para chegar a traballar sen tensión. Traballo con tensión. Señalética. Prevención de accidentes. Traballos en altura (manexo de estadas e escaleiras). Primeiros auxilios a un electrocutado e medidas a tomar para unha maior atención médica.

#### **XV. UNHA PRAZA DE OFICIAL TELEFONISTA, POR PROMOCIÓN INTERNA**

##### *Primeira. Número de prazas e características*

Convócase unha praza de oficial telefonista integrada no grupo D da escala de Admón. especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza.

##### *Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición por promoción interna. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza conxuntamente o baremo que se detalla na base décimo terceira.

##### *Terceira. Condicións dos aspirantes*

- a) Posuír o título de graduado escolar, FP-1 ou equivalente na data na que remate o prazo de admisión de instancias.
- b) Acreditar unha antigüidade de, polo menos, dous anos nesta Deputación Provincial dentro do mesmo grupo de clasificación o día que remate o prazo para presentar as solicitudes.

##### *Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de 30 preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 30 (trinta) minutos.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido da primeira parte do programa, no tempo que marque o tribunal.

##### *Quinta. Programa da convocatoria*

De conformidade co disposto no R.d. 896/91, o programa da convocatoria consta de 20 temas; non obstante, en base ó previsto no artigo 77 do R.d. 364/95 do 10 de marzo, os aspirantes a estas prazas da quenda de promo-

ción interna están exentos das materias das que teñan acreditado suficientes coñecementos nas probas de ingreso, quedando reducidos a 10 temas.

##### *Primeira parte:*

1. Coñecementos xerais sobre o funcionamento das centrais telefónicas.
2. O Servizo Ibercom. Definición da rede Ibercom. Características de cada liña. Grupos de servizo.
3. Chamadas a través de operadora. Procedementos. Preparación da consola. Definición de tipos de chamada. Servizo nocturno. Alarmas.
4. Centrais telefónicas. Tipos de centrais. Características. Centrais modulares. Centrais dixitais.
5. Chamadas de orixe interior e exterior. Accións e indicacións.
6. Chamadas en serie: entrada e saída. Accións e indicacións.
7. Actuación do operador/a. Prioridades a ter en conta na execución das súas funcións. Comunicacións de emerxencia: secuencias de actuación.
8. A comunicación humana: a linguaxe como medida de comunicación. Diferenza entre información e comunicación.
9. Atención ó público, acollida de información ó administrado.
10. Os servizos de información administrativa. A notificación de actos administrativos.

#### **XVI. UNHA PRAZA DE OFICIAL CONDUTOR MAQUINISTA, POR PROMOCIÓN INTERNA**

##### *Primeira. Número de prazas e características*

Convócase unha praza de oficial condutor maquinista, integrada no grupo D da escala de Admón. especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza.

##### *Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición por promoción interna. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza conxuntamente o baremo que se detalla na base décimo terceira.

##### *Terceira. Condicións dos aspirantes*

- a) Posuír o título de graduado escolar ou equivalente e ter o permiso de conducir categoría B, C, D +E para camión articulado, na data na que remate o prazo de admisión de instancias.
- b) Acreditar unha antigüidade de, polo menos, dous anos nesta Deputación Provincial no grupo inmediatamente inferior o día que remate o prazo para presentar as solicitudes.

##### *Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido da primeira parte do programa, no tempo que marque o tribunal.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de corenta preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios

elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 30 (trinta) minutos.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito un tema extraído ó chou polo tribunal, da primeira parte do programa, e durante un período máximo dunha hora. Posteriormente serán convocados oportunamente polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que fará o seu autor ou, en caso de imposibilidade, a persoa que se designe, ou un membro do tribunal.

*Cuarto exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

#### *Quinta. Programa da convocatoria*

De conformidade co disposto no R.d. 896/91, o programa da convocatoria consta de 20 temas; non obstante, en base ó previsto no artigo 77 do R.d. 364/95 do 10 de marzo, os aspirantes a estas prazas da quenda de promoción interna están exentos das materias das que teñan acreditado suficientes coñecementos nas probas de ingreso, quedando reducidos a 10 temas.

#### *Primeira parte:*

1. Motor. Descrición e os seus elementos fundamentais.
2. Embrague. Finalidade, tipos e aplicacións. Caixa de cambios. Tipo, características e aplicacións.
3. Elementos de tracción. Tipos, características e aplicacións. Suspensión. Finalidade, tipos e aplicacións.
4. Sistema hidráulico. Características e aplicacións.
5. Sistema de freo. Componentes, características e aplicacións.
6. Sistema eléctrico. Definición e características.
7. Dirección. Cotas de regraxa, tipos, características e aplicacións.
8. Bastidor e carrocería. Sistema de fabricación e características. Ponte traseiro. Descrición e funcionamento.
9. Engraxe. Xeneralidades, clasificación, misións e sistemas.
10. Refrixeración. Obxecto, finalidade e sistemas. Mantemento. Finalidade, operacións e obxectivos.

### **XVII. TRES PRAZAS DE OFICIAL CONDUTOR MAQUINISTA, POR QUENDA LIBRE**

#### *Primeira. Número de prazas e características*

Convócase tres prazas de oficial condutor maquinista, integradas no grupo D da escala de Admón. especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, dotadas coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriban as prazas.

#### *Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza consonte o baremo que se detalla na base décimo terceira.

#### *Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán posuír o título de graduado escolar ou equivalente e ter o permiso de conducir categoría B, C, D +E para camión articulado.

#### *Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido da primeira parte do programa, no tempo que marque o tribunal.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de corenta preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 30 (trinta) minutos.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito un tema extraído ó chou polo tribunal, da primeira parte do programa, e durante un período máximo dunha hora. Posteriormente serán convocados oportunamente polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que fará o seu autor ou, en caso de imposibilidade, a persoa que se designe, ou un membro do tribunal.

*Cuarto exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

#### *Quinta. Programa da convocatoria*

#### *Primeira parte:*

1. Regulamento de circulación e seguridade viaria
2. Motor. Descrición e os seus elementos fundamentais
3. Embrague. Finalidade, tipos e aplicacións.
4. Caixa de cambios. Tipo, características e aplicacións
5. Elementos de tracción. Tipos, características e aplicacións.
6. Suspensión. Finalidade, tipos e aplicacións.
7. Sistema hidráulico. Características e aplicacións.
8. Sistema de freo. Componentes, características e aplicacións.
9. Sistema eléctrico. Definición e características.
10. Dirección. Cotas de regraxa, tipos, características e aplicacións.
11. Bastidor e carrocería. Sistema de fabricación e características.
12. Ponte traseiro. Descrición e funcionamento.
13. Engraxe. Xeneralidades, clasificación, misións e sistemas.
14. Refrixeración. Obxecto, finalidade e sistemas.
15. Mantemento. Finalidade, operacións e obxectivos.
16. Seguridade e saúde no traballo.

#### *Segunda parte:*

Programa correspondente ó grupo D. Anexo I.

### XVIII. DÚAS PRAZAS DE OFICIAL AGRÍCOLA, QUENDA LIBRE

#### *Primeira. Número de prazas e características*

Convócanse dúas prazas de oficial agrícola gandeiro integradas no grupo D da escala de Admón. especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, dotadas coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ós postos de traballo ós que se adscriban as prazas.

#### *Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza consonte o baremo que se detalla na base décimo terceira.

#### *Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, os aspirantes deberán posuír o título de graduado escolar ou equivalente.

#### *Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido da primeira parte do programa, no tempo que marque o tribunal.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de corenta preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 30 (trinta) minutos.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito un tema extraído ó chou polo tribunal, da primeira parte do programa, e durante un período máximo dunha hora. Posteriormente, serán convocados oportunamente polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que fará o seu autor ou, en caso de imposibilidade, a persoa que se designe, ou un membro do tribunal.

*Cuarto exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

#### *Quinta. Programa da convocatoria*

##### *Primeira parte:*

1. Feos: xeneralidades, características, perdas e técnicas de feonificación
2. Ensilados: transformacións químicas e fermentativas, métodos e técnicas de ensilado.
3. Principios básicos en bioseguridade nunha gandería intensiva.
4. Maquinaria: distribución de esterco, zurros e distribución de alimentos.
5. Muxido e coidado do leite: fundamentos do muxido, operacións do muxido, muxido mecánico.
6. Céspedes: especies máis comúns. Instalación, manexo e coidados.
7. A pataca: importancia, esixencias do cultivo, plantación e labores culturais. Pragas e enfermidades.

8. A vide: importancia, esixencia de cultivo, sistemas de plantación e labores culturais.
9. Pragas e enfermidades do viñado en Galicia.
10. Cultivos forraxeiros: millo e prados.
11. Actuacións a termos en conta no manexo de animais de alto valor xenético destinados á transferencia embrionaria.
12. Pastoreo de rotación: características de plantas pratenses, a división en prados, dificultades prácticas do pastoreo de rotación.
13. Poda: xeneralidades e conceptos, ferramentas utilizadas.
14. Métodos de propagación de plantas.
15. Manexo do gando vacún leiteiro; coidados no parto, posparto, lactación e secado.
16. Manexo dos tenreiros: coidados ó nacemento, alimentación, medidas de protección animal.

##### *Segunda parte:*

O programa corresponde ó grupo D, Anexo I.

### XIX. UNHA PRAZA DE AXUDANTE DE SERVIZOS VARIOS, QUENDA LIBRE

#### *Primeira. Número de prazas e características*

Convócase unha praza de axudante de servizos varios integrada no grupo E da escala de Admón. especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza.

#### *Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza segundo o baremo que se detalla na base décimo terceira.

#### *Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán posuír o certificado de escolaridade ou equivalente.

#### *Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido da primeira parte do programa, no tempo que marque o tribunal

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de trinta preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 20 (vinte) minutos.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

#### *Quinta. Programa da convocatoria*

##### *Primeira parte:*

1. Material xeral de laboratorio. Clasificación e utilización.

2. Acondicionamento do material de uso xeral en laboratorios: descrición e limpeza.
3. Uso de equipos de protección individual en laboratorios.
4. Preparación e conservación de mostras de forraxes, pensos e materias primas para a súa análise.
5. Moenda de forraxes, pensos e materias primas. Tipos de muños. Tamaños de partícula.
6. Clasificación de produtos químicos en función das súas características. Símbolos de indicación de riscos e seguridade. Frases r e s. manipulación de reactivos.
7. Almacenamento e xestión de produtos nun laboratorio.
8. Xestión de residuos nun laboratorio: clasificación, recollida e eliminación.

*Segunda parte:*

Programa correspondente ó grupo E. Anexo I.

**XX. UNHA PRAZA DE OPERARIO  
DE SERVIZOS VARIOS, QUENDA LIBRE**

*Primeira. Número de prazas e características*

Convócase unha praza de operario de servizos varios integrada no grupo E da escala de Admón. especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza.

*Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza segundo o baremo que se detalla na base décimo terceira.

*Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán posuír o certificado de escolaridade ou equivalente.

*Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido da primeira parte do programa no tempo que marque o tribunal.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de trinta preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 20 (vinte) minutos.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

*Quinta. Programa da convocatoria*

*Primeira parte:*

1. Coñecementos básicos dos traballos que realiza un operario ou axudante nos oficios de carpintería, fontanería e xardinería.

2. Descrición, características e aplicacións das distintas ferramentas de man e demais utensilios que se utilizan nos oficios de carpintería, fontanería e xardinería. Limpeza, mantemento e ordenación daquelas.
3. Avarías e reparacións elementais nos distintos servizos dos centros. Reparacións de emerxencia.
4. Nocións básicas sobre máquinas reprodutoras, multicopistas, fotocopiadoras, encadernadoras e análogas.
5. Tratamentos básicos sobre clasificación, lavado e secado de roupa. Ordenación da roupa nos roupeiros.
6. Limpeza e conservación do mobiliario. Sistemas de limpeza. Utensilios e produtos de limpeza. Características e aplicacións.
7. Empaquetado, transporte, coidados da documentación e dos libros. Desprazamentos de materiais en almacéns e arquivos.
8. Medidas de seguridade e hixiene no traballo.

*Segunda parte:*

Programa correspondente ó grupo E. Anexo I.

**XXI. UNHA PRAZA DE OPERARIO AGRÍCOLA,  
QUENDA LIBRE, RESERVADA A DISCAPICATADOS**

*Primeira. Número de prazas e características*

Convócase unha praza de operario agrícola, integrada no grupo E da escala de Admón. especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza, estando reservada a persoas con discapacidade.

*Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza segundo o baremo que se detalla na base décimo terceira.

*Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír certificado de escolaridade ou equivalente.
- b) Acreditar mediante certificado expedido para o efecto polo órgano competente da Comunidade Autónoma unha discapacidade cuxo grao de minusvalía sexa igual ou superior ó 33%.
- c) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que aspira e non padecer limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das correspondentes funcións.

*Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido da primeira parte do programa no tempo que marque o tribunal.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de trinta preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios

elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 20 (vinte) minutos.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

#### *Quinta. Programa da convocatoria*

##### *Primeira parte:*

1. Productos fitosanitarios: xeneralidades, tipos e formulados.
2. Riscos para a agricultura, o medio ambiente e a saúde humana derivados da utilización de produtos fitosanitarios.
3. Maquinaria empregada en tratamentos fitosanitarios: usos, características e mantemento.
4. Céspedes: especies máis comúns. Instalación, manexo e coidados.
5. A vide: importancia, esixencias do cultivo, sistemas de plantación e labores culturais, pragas e enfermidades máis importantes en Galicia.
6. Poda: xeneralidades e concepto. Ferramentas utilizadas.
7. Métodos de propagación de plantas.
8. Métodos de control de pragas e enfermidades nos cultivos agroforestais.

##### *Segunda parte:*

Programa correspondente ó grupo E. Anexo I

#### **XXII. UNHA PRAZA DE OPERARIO AGRÍCOLA, QUENDA LIBRE**

##### *Primeira. Número de prazas e características*

Convócase unha praza de operario agrícola, integrada no grupo E da escala de Admón. especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, dotada coas retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ó posto de traballo ó que se adscriba a praza.

##### *Segunda. Sistema de selección*

Establécese o sistema de concurso-oposición libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características da praza segundo o baremo que se detalla na base décimo terceira.

##### *Terceira. Condicións dos aspirantes*

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán posuír o certificado de escolaridade ou equivalente.

##### *Cuarta. Exercicios da oposición*

*Primeiro exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co contido da primeira parte do programa no tempo que marque o tribunal.

*Segundo exercicio:* de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de trinta preguntas con respostas alternativas propostas polo tribunal, mediante sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e correspondentes ó contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 20 (vinte) minutos.

*Terceiro exercicio:* de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

#### *Quinta. Programa da convocatoria*

##### *Primeira parte:*

1. Productos fitosanitarios: xeneralidades, tipos e formulados.
2. Riscos para a agricultura, o medio ambiente e a saúde humana derivados da utilización de produtos fitosanitarios.
3. Maquinaria empregada en tratamentos fitosanitarios: usos, características e mantemento.
4. Céspedes: especies máis comúns. Instalación, manexo e coidados.
5. A vide: importancia, esixencias do cultivo, sistemas de plantación e labores culturais, pragas e enfermidades máis importantes en Galicia.
6. Poda: xeneralidades e concepto. Ferramentas utilizadas.
7. Métodos de propagación de plantas.
8. Métodos de control de pragas e enfermidades nos cultivos agroforestais.

##### *Segunda parte:*

Programa correspondente ó grupo E. Anexo I

#### **A N E X O I**

#### **PROGRAMA COMÚN PARA AS PRAZAS DA QUENDA LIBRE ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, EN FUNCIÓN DO GRUPO DE CLASIFICACIÓN**

##### *GRUPO A*

1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. A Coroa, carácter, sucesión e proclamación. Funcións. O poder lexislativo: as funcións e os órganos. Elementos do órgano lexislativo. As Cortes xerais.
3. O Goberno. Concepto. Integración. Cesamento do Goberno. Responsabilidade. Funcións do Goberno. Deberes.
4. O Poder xudicial: concepto xeral. Principios de organización xudicial. Manifestacións da xurisdición. Órganos xurisdicionais. O Consello Xeral do Poder Xudicial.
5. Organización territorial do Estado: principios constitucionais. A Administración local. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía: o seu significado. Elaboración. Contido. Reforma.
6. A Administración pública no ordenamento español. Concepto e acepcións. Elementos. Regulación. Tratamento constitucional. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas.
7. Principios de actuación na Administración pública: consideracións previas. Enumeración e exame de cada un.
8. Sometemento da Admón. pública á lei e ó dereito. As fontes do dereito público. O regula-

mento: concepto, fundamento, clases de regulamentos. Outras fontes do dereito administrativo: o hábito, a práctica administrativa, os principios xerais do dereito, tratados internacionais e xurisprudencia.

9. O acto administrativo. Concepto. Clases e elementos.
10. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo. Suspensión da execución. Audiencia do interesado. Resolución.
11. Os recursos administrativos. Concepto. Clases. Obxecto. Fin da vía administrativa. Interposición de recursos.
12. O réxime local español. Concepto de Administración local. Evolución. Principios constitucionais. Regulación legal.
13. A provincia. Antecedentes, concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
14. O municipio. Concepto. Elementos esenciais. A organización municipal. Competencias.
15. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesións. Acordos. Actas e certificados.
16. A función pública local. Concepto de funcionarios. Clases. Organización da función pública local. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións.
17. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos. Dereitos económicos. Réxime disciplinario.
18. O orzamento das entidades locais: concepto, contido, anexos, estrutura orzamentaria, formación e aprobación, entrada en vigor, exercicio orzamentario, liquidación e modificacións orzamentarias.

#### GRUPO B

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. Organización territorial do Estado: principios constitucionais. A Administración local. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía: o seu significado. Elaboración. Contido. Reforma.
3. A Administración pública no ordenamento español. Concepto e acepcións. Elementos. Regulación. Tratamento constitucional. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas. Principios de actuación na Administración pública: consideracións previas. Enumeración e exame de cada un.
4. Sometemento da Admón. pública á lei e ó dereito. As fontes do dereito público. O regulamento: concepto, fundamento, clases de regulamentos. Outras fontes do dereito administrativo: o hábito, a práctica administrativa, os principios xerais do dereito, tratados internacionais e xurisprudencia.
5. O acto administrativo. Concepto. Clases e elementos.
6. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo.
7. O réxime local español. Concepto de Administración local. Evolución. Principios constitucionais. Regulación legal.
8. A provincia. Antecedentes, concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
9. O municipio. Concepto. Elementos esenciais. A organización municipal. Competencias.

10. A función pública local. Concepto de funcionario. Clases de funcionarios. A organización da función pública local. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións.
11. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos. Dereitos económicos. Réxime disciplinario.
12. O orzamento das entidades locais: concepto, contido, anexos, estrutura orzamentaria, formación e aprobación, entrada en vigor, exercicio orzamentario, liquidación e modificacións orzamentarias.

#### GRUPO C

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. Organización territorial do Estado: principios constitucionais. A Administración local. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía: o seu significado. Elaboración. Contido. Reforma.
3. A Administración pública no ordenamento español. Concepto e acepcións. Elementos. Regulación. Tratamento constitucional. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas. Principios de actuación na Administración pública: consideracións previas. Enumeración e exame de cada un.
4. Sometemento da Admón. pública á lei e ó dereito. As fontes do dereito público. O regulamento: concepto, fundamento, clases de regulamentos. Outras fontes do dereito administrativo: o hábito, a práctica administrativa, os principios xerais do dereito, tratados internacionais e xurisprudencia.
5. O acto administrativo. Concepto. Clases e elementos.
6. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo.
7. A provincia. Antecedentes, concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
8. A función pública local. Concepto de funcionario. Clases de funcionarios. A organización da función pública local. Dereitos e deberes dos funcionarios.

#### GRUPO D

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo.
3. A provincia. Antecedentes, concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
4. A función pública local. Concepto de funcionario. Clases de funcionarios. A organización da función pública local. Dereitos e deberes dos funcionarios.

#### GRUPO E

1. A provincia. Antecedentes, concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
2. A función pública local. Concepto de funcionario. Clases de funcionarios. A organización da función pública local. Dereitos e deberes dos funcionarios.

Pontevedra, a 8 de marzo de 2007.—O Presidente, Rafael Louzán Abal.—O Secretario, Carlos Cuadrado Romay.

2007002508

**IPESPO****E D I C T O**

O Consello Rector do IPESPO, en sesión celebrada o día 7 de marzo de 2007, aprobou o expediente para a contratación, por procedemento aberto, mediante concurso, da Obra: “Urbanización do Plan de Sectorización do SRAU-Industrial Outeda-Curro, no Municipio de Barro (Pontevedra)”, polo que se fai a seguinte convocatoria:

**1.—OBXECTO E TIPO DE LICITACIÓN**

A contratación da obra “Urbanización do Plan de Sectorización do SRAU-Industrial Outeda-Curro, no municipio de Barro (Pontevedra)”, cun orzamento de licitación de 16.831.173,76 €, IVE engadido.

**2.—FIANZAS**

Provisional do 2% do orzamento de licitación e definitiva do 4% do prezo de adxudicación.

**3.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS**

O prazo para a presentación de proposicións rematará o día 27/04/2007, e a documentación deberá entregarse no Rexistro Xeral do IPESPO, sito no Pazo da Deputación de Pontevedra, en horario de 09.00 a 13.00 horas, de luns a venres.

**4.—CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE PLICAS**

Terá lugar no Pazo da Deputación as 09.00 horas do día 2 de maio de 2007. A continuación, ás 10.00 horas, procederáse á apertura pública das proposicións presentadas ó concurso.

**5.—INFORMACIÓN**

O prego de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas particulares e demais documentación, están a disposición dos interesados no Centro Provincial de Asesoramiento Municipal, CPAM, da Deputación de Pontevedra, Avda. Montero Ríos, s/n, C.P. 36071. Tfno. 986.804.110. Os pregos de cláusulas tamén poderán consultarse na páxina web da Deputación: [www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es) (IPESPO).

Pontevedra, 7 de marzo de 2007.—O Presidente, ilexible.—O Secretario, ilexible. **2007002406**

**E D I C T O**

O Consello Rector do IPESPO, en sesión celebrada o día 7 de marzo de 2007, aprobou o expediente para a contratación, por procedemento aberto, mediante concurso, da “Consultoría e asistencia técnica para a dirección das obras de urbanización do SRAU Industrial Outeda-Curro, no municipio

de Barro (Pontevedra)”, polo que se fai a seguinte convocatoria:

**1.—OBXECTO E TIPO DE LICITACIÓN**

A contratación da Consultoría e Asistencia Técnica para a dirección das obras de Urbanización do SRAU Industrial Outeda-Curro, no municipio de Barro (Pontevedra)”, cun orzamento de licitación de 400.000,00 €, IVE engadido.

**2.—FIANZAS**

Provisional do 2% do orzamento de licitación e definitiva do 4% do prezo de adxudicación.

**3.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS**

O prazo para a presentación de proposicións rematará o día 27/04/2007, e a documentación deberá entregarse no Rexistro Xeral do IPESPO, sito no Pazo da Deputación de Pontevedra, en horario de 09.00 a 13.00 horas, de luns a venres.

**4.—CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE PLICAS**

Terá lugar no Pazo da Deputación ás 11 horas do día 2 de maio de 2007. A continuación, ás 11.30 horas, procederáse á apertura pública das proposicións presentadas ó concurso.

**5.—INFORMACIÓN**

O prego de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas particulares e demais documentación, están a disposición dos interesados no Centro Provincial de Asesoramiento Municipal, CPAM, de la Diputación de Pontevedra, Avda. Montero Ríos, s/n, C.P. 36071, Tfno. 986.804.110. Os pregos de cláusulas tamén poderán consultarse na páxina web da Deputación: [www.depontevedra.es](http://www.depontevedra.es) (IPESPO).

Pontevedra, 7 de marzo de 2007.—O Presidente, ilexible.—O Secretario, ilexible. **2007002405**

**AYUNTAMIENTOS****V I G O****E D I C T O**

Jose Luis Cao Carpintero y Manuel Bueno Heredia, C.B., solicitou da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo a adecuación da licenza de actividade existente ao núm. -2.6.4. do Catálogo de espectáculos públicos a actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 292/2004, de 18 de novembro, e modificado por D. 160/2005, do 2 de xuño,

pub con música, no local situado na rúa Areal 18 baixo.

De acordo co artigo 30.2 letra a) do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (D. 2414/61, de 30 de novembro) en relación co 86 da Lei estatal 30/92, ábrese un período de información pública que durará vinte días, contados a partir do día seguinte o da publicación deste edicto no BOP, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito poida face-las observacións pertinentes.

O expediente está a disposición do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Exped. 29648/422).

Vigo, 07/03/2007.—O Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, José Manuel Figueroa Vila. **2007002458**

\* \* \*

## A LAMA

### A N U N C I O

*Convocatoria, bases xerais e específicas para a provisión de postos de traballo vacantes no cadro de persoal do concello da Lama, incluídos na oferta de emprego público de 2006.*

#### BASES XERAIS

##### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

E a provisión dos postos de traballo vacantes no cadro de incluídos na oferta de emprego público 2006:

- 1 Técnico local de emprego.
- 1 Asistente Social/Traballador Social.

##### 2. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria e as bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

O anuncio da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

##### 3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

3.1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español. Os nacionais dos demais membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións que os españois a aqueles sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade.

